



Escola
Técnica
Superior
de Enxeñaría

PLAN EXECUTIVO DE CALIDADE

**Docencia + Seguridade
Xestión da Información**

Versión Xuño 2018

Elaborado pola Dirección da ETSE en Xuño de 2018

Aprobado na Comisión de Calidade da ETSE o 11 de Xullo de 2018

Aprobado na Comisión de Seguridade e Saúde da ETSE o XX de XXXXXXXX de XXXX

Informado pola Comisión do Grao en Enxeñaría Química o XX de XXXXXXXX de XXXX

Informado pola Comisión do Grao en Enxeñaría Informática o XX de XXXXXXXX de XXXX

Informado pola Comisión do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos o 30 de Xullo de 2018

Informado pola Comisión do Máster en Enxeñaría Ambiental o 25 de Setembro de 2018

Informado pola Comisión do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos o XX de XXXXXXXX de XXXX

Informado polo Coordinador do Máster en Computación de Altas Prestacións o 7 de Setembro de 2018

Informada pola Coordinador do Máster en Xeoinformática o 7 de Setembro de 2018

Índice de Contido

1. Introducción.....	5
1.1. Plan Executivo de Calidade da ETSE.....	5
2. Actividades Académicas.....	7
2.1. Programa de Acollida ao Centro.....	7
AA-EsNI: Benvida a Estudantes de Nova Incorporación.....	7
2.2. Programa de Mobilidade.....	7
AA-Mobi: Información sobre Mobilidade.....	7
2.3. Programa de Prácticas en Empresa.....	8
AA-PrEm: Presentación do Programa de Prácticas en Empresa.....	8
AA-FoEm: Foro de Empresas.....	9
2.4. Traballo Fin de Grao/Máster.....	9
AA-TFGM: Presentación do Traballo Fin de Grao/Máster.....	9
3. Docencia.....	11
3.1. Manual de Procedementos do SGC.....	11
DC-SeIm: Seguimento da Implantación do SGC.....	11
3.2. Enquisas a Grupos de Interese.....	11
EQ-EsNI: Estudantes de Nova Incorporación.....	11
EQ-CTAC: Carga de Traballo e Avaliación Continua.....	12
EQ-Comp: Adquisición de Competencias.....	13
EQ-CuIL: Cuestionario de Inserción Laboral.....	14
3.3. Seguimento.....	14
CC-SAdM: Seguimento das Accións de Mellora.....	14
RN-CoEx: Reunión do Comité Externo.....	15
RN-ACoP: Anual de Coordinación de Profesores/as.....	15
RN-AAvE: Anual de Avaliación con Estudantes.....	16
RN-ReCo: Reunións de Coordinación.....	17
4. Seguridade.....	19
4.1. Manual de Procedementos do SSST.....	19
SG-SeIm: Seguimento da Implantación do SSST.....	19
4.2. Enquisas a Grupos de Interese.....	19
4.3. Seguimento.....	19
RN-Audi: Auditorías.....	19
EV-PrIS: Presentación de Informes Semestrais.....	20
EV-MInE: Mantemento das Infraestruturas do Edificio.....	20
EV-FoXe: Formación Xeral.....	21
EV-FEED: Formación Especifica para Espazos Experimentais Docentes.....	21
5. Xestión da Información.....	23
5.1. Comisións.....	23
5.2. Enquisas a Grupos de Interese.....	23
5.3. Medios de Comunicación.....	23

1. Introducción

A calidade na prestacións de servizos implica a mellora permanente da eficacia (definida pola RAE como a capacidade de lograr o efecto que se desexa) e da eficiencia (definida pola RAE como a capacidade de dispor... de algo para conseguir un efecto determinado) da organización e das súas actividades.

Para cumprir este obxectivo xeral é necesario estar sempre moi atento ás necesidades dos usuarios e ás súas queixas ou mostras de insatisfacción. Analizar con rigor esta información proporcionará unha axuda moi importante para o proceso de mellora. Planificando, depurando e controlando os procesos de traballo, aumentará a capacidade da organización e o seu rendemento. Para obter estes obxectivos é necesario indagar con certa regularidade sobre a calidade que percibe subxectivamente o usuario e as posibilidades que manifesta de mellorar o servizo que recibe.

Nas normas dos Sistemas de Garantía da Calidade (SGC) da familia ISO9000 identificasen varios principios de xestión que poden ser asumidos como á referencia para conducir a unha organización cara a mellora do seu desempeño. Estes principios¹ son:

1. Enfoque ao usuario: As organizacións dependen dos seus usuarios e polo tanto deberían comprender as necesidades actuais e futuras, satisfacer os requisitos e esforzarse en exceder as expectativas dos usuarios.



2. Liderado: Os líderes establecen a unidade de propósito e a orientación da organización. Eles deberían crear e manter un ambiente interno no cal o persoal poida chegar a involucrarse totalmente no logro dos obxectivos da organización.



3. Compromiso do persoal: O persoal, a todos os niveis, é a esencia dunha organización e o seu total compromiso posibilita que as súas habilidades sexan usadas para o beneficio da organización.



4. Enfoque a procesos: O resultado desexado alcanzase máis eficientemente cando as actividades e os recursos relacionados xestionanse como un proceso.



5. Enfoque á xestión: Identificar, entender e xestionar os procesos interrelacionados como un sistema contribúe á eficacia e eficiencia dunha organización no logro dos seus obxectivos.



6. Mellora continua: A mellora continua do desempeño global da organización debería ser un obxectivo permanente desta.

7. Toma de decisións baseada en feitos: As decisións eficaces baséanse no análise



de datos e de información.

¹ "La Gestión por Procesos", Ministerio de Fomento, Mayo 2005.

1.1. Plan Executivo de Calidade da ETSE

O Plan Executivo de Calidade da ETSE ten como obxectivo xeral establecer un marco de traballo que permita profundizar nos principios dos SGC comentados no apartado anterior. Ademais serve de documento de referencia para a incorporación das persoas aos diferentes cargos de xestión da estrutura.

Recolle unha descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas cos ámbitos da Calidade e da Seguridade. Así mesmo incorpora información sobre a xestión da información que se obtén, produce e difunde no centro.

Define as características xerais das actividades e as peculiaridades no xeito en que se desenvolven en cada titulación de grao e máster (especialmente no que atinxe a responsables de desenvolvemento e tratamento da información xerada). Ademais establece unhas recomendacións sobre as datas do curso nas que se debe desenvolver cada actividade (que poden variar en función de circunstancias especiais).

2. Actividades Académicas

Neste apartado se recollen actividades que se desenvolven no centro co obxectivo de mellorar a acollida dos novos estudantes e o coñecemento destes dos principais programas académicos: prácticas en empresa, mobilidade e traballos fin de grao/máster. O obxectivo destas actividades é presentar as diferentes programas.

2.1. Programa de Acollida ao Centro

AA-EsNI: Benvida a Estudantes de Nova Incorporación

Esta actividade ten como obxectivo ofrecer aos estudantes de novo ingreso información de acollida no centro, incidindo en aspectos que calquera estudante debe coñecer da vida universitaria a todos os niveis (institucional, de centro e da titulación que vai a cursar). No marco desta actividade se lle entrega a Guía do Centro que contén información de interese para o desenvolvemento da súa vida no centro.

- x **Responsables:** Equipo de Dirección do Centro; Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Non se rexistra a participación

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
Primeiro día lectivo do mes de setembro nos Graos Comenzo da docencia no Másteres						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Guía da ETSE; Guía de Estudantes; Presentacións do Centro e das Titulacións; Na información facilitada debe incluírse información básica sobre seguridade.
- x **Uso do Resultado:** Non hai un uso específico de resultados

2.2. Programa de Mobilidade

AA-Mobi: Información sobre Mobilidade

Esta actividade ten como obxectivo informar e resolver dúbidas aos estudantes que estean interesados en realizar estudos a través dalgún dos programas de intercambio

existentes. O obxectivo é tratar de potenciar o aumento do número de estudantes que participen en ditos programas.

- x **Responsables:** Responsable de Mobilidade; Responsable da Unidade de Apoio á Xestión (en coordinación coa Oficina de Relacións Exteriores da USC)
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial (a localización é decidida pola ORE)
- x **Control da Participación:** Non se rexistra a participación

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Mes de novembro para intercambios Erasmus Mes de xaneiro/febreiro para intercambios Sicue						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Presentación con información das convocatorias de mobilidade
- x **Uso do Resultado:** Non hai un uso específico de resultados

2.3. Programa de Prácticas en Empresa

AA-PrEm: Presentación do Programa de Prácticas en Empresa

Esta actividade ten como obxectivo informar sobre os Programas de Prácticas en Empresa. O obxectivo fundamental é presentar as opcións dispoñibles, a previsión de datas e clarificar as dúbidas que poidan ter os estudantes.

- x **Responsables:** Coordinador Xeral do Programa de Prácticas en Empresa da ETSE; Coordinadores de Prácticas en empresa das titulacións de Grao; Coordinadores de Másteres
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Non se rexistra a participación

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Graos: Fin do primeiro cuadrimestre Másteres: Mediados do segundo cuadrimestre						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD

Estudiantes 1er Curso						
Estudiantes						
Estudiantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- x **Uso do Resultado:** Organización e desenvolvemento do Programa de Prácticas en Empresa

AA-FoEm: Foro de Empresas

Esta actividade ten como obxectivo poñer en contacto aos estudantes dos últimos cursos cos seus potenciais empregadores, ofrecendo así unha primeira aproximación ao tecido empresarial galego no ámbito das titulacións.

- x **Responsables:** Coordinadores/as de Prácticas en empresa das titulacións de Grao; Coordinadores/as de Másteres
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Control de firmas dos estudantes que vaian a realizar as Prácticas en Empresa

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	Mes de decembro					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudiantes 1er Curso						
Estudiantes						
Estudiantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- x **Uso do Resultado:** Asignacións do programa de prácticas

2.4. Traballo Fin de Grao/Máster

AA-TFGM: Presentación do Traballo Fin de Grao/Máster

Esta actividade ten como obxectivo informar sobre a realización de Traballos Fin de Grao/Máster. O obxectivo fundamental é presentar as opcións dispoñibles, a previsión de datas e clarificar as dúbidas que poidan ter os estudantes.

- x **Responsables:** Presidentes/as das Comisións de TFG dos títulos de Grao; Coordinadores/as dos títulos de Grao; Coordinadores/as de Másteres
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Non se rexistra a participación

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Datas	Graos: Mes de outubro Másteres: Segundo semestre do curso					
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Non se produce documentación
- x **Uso do Resultado:** Organización e desenvolvemento da realización dos TFG/TFM

3. Docencia

O Sistema de Garantía da Calidade na Docencia (SGC) recolle os procesos e procedementos que definen o funcionamento do centro como lugar de formación docente. A actualización e a vixilancia permanente do cumprimento de ditos procesos e procedementos e un dos obxectivos fundamentais da Comisión de Calidade do centro. O SGC na Docencia desenvólvese a través da execución do Manual de Procedementos do SGC.

3.1. Manual de Procedementos do SGC

Actualmente está prevista a revisión completa do Manual de Procedementos do SGC.

DC-SeIm: Seguimento da Implantación do SGC

O seguimento da correcta implantación do SGC ten dúas grandes fases. A comenzo do curso é necesario garantir que todos/as os/as responsables dos diferentes procesos e procedementos teñen a información actualizada. Ao final do curso, os responsables dos diferentes procesos e procedementos deberán informar a Comisión de Calidade sobre o seu desenvolvemento e/ou sobre a necesidade de modificar os procesos e/ou procedementos.

- x **Responsables:** Responsable de Calidade
- x **Documentación Producida:** Informe, dos responsables de procesos e procedementos, para a Comisión de Calidade

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
Datos						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

3.2. Enquisas a Grupos de Interese

Un dos principios xerais dos SGC é a necesidade de tomar as decisións en base ao análise dos datos da organización. E para esa toma de datos, as enquisas colectivas son unha ferramenta moi importante.

As enquisas relacionadas coa docencia a realizar aos grupos de interese dende a ETSE concéntranse en tres momentos temporais do curso: inicio do curso (orientadas a coñecer os perfís de ingreso e egreso) e finais dos dous cuatrimestres (orientadas a coñecer o cumprimento das Memorias Oficiais das Titulacións).

Salvo que se especifique o contrario, estas enquisas realízanse vía correo electrónico mediante a ferramenta online de enquisas da ETSE (e-encuesta.com).



EQ-EsNI: Estudantes de Nova Incorporación

Esta enquisa ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de ingreso dos estudantes das titulacións do centro. Realízase todos os cursos para permitir un seguimento da variación das cuestións analizadas.

Obtéñense datos da súa procedencia, tanto persoal como de orixe académico (centro de ensino de secundaria nos graos e titulación de orixe nos másteres), como das súas cualificacións e optativas cursadas no bacharelato ou titulación de orixe e nas probas de acceso a Universidade. Analízase a información que dispoñían, tanto da titulación como do centro, é como foi a súa toma de decisións cara a elección da titulación. Por último, obtense información sobre a súa formación inicial, fundamentalmente ofimática e de idiomas, e as súas expectativas sobre algúns aspectos da titulación (docencia en inglés, actividades complementarias, mobilidade, prácticas en empresa para os graos).

- x **Responsables:** Coordinador de Calidade (realización); Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster (Explotación de Resultados)

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Semana posterior a Xornada de Benvida aos novos estudantes de Grao; Comenzo das clases de Máster						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Informe de resultados anonimizado por titulación
- x **Uso do Resultado:** Elaboración de informe para as reunións con grupos de interese cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

EQ-CTAC: Carga de Traballo e Avaliación Continua

Esta enquisa pretende obter información sobre dous aspectos dos programados nas Memorias das Titulacións: a planificación da docencia en ECTS e o sistema de avaliación da docencia. Realízase todos os cursos para permitir un seguimento da variación das cuestións analizadas e permite, ademais, comparar estes datos cos valores programados nas Memorias Oficiais das Titulacións.

Un dos aspectos que se analiza é a opinión de profesores/as e estudantes respecto a cantidade de Traballo Persoal do Estudante (traballo fora das aulas) nas diferentes materias das titulacións de grao e as que o consideren necesario de máster. O outro aspecto a analizar é a opinión dos estudantes respecto ao valor da Avaliación Continua (porcentaxe na avaliación da materia e relación coa carga de traballo) nas diferentes materias das titulacións e as que o consideren necesario de máster.

- x **Responsables:** Coordinador de Calidade (realización para Graos); Coordinadores de Másteres (realización para Másteres); Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster (explotación de resultados)

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Remate dos períodos de docencia do Primeiro e Segundo Cuadrimestre dos						

Graos; Manual nas reunións de coordinación de módulos dos Mástres

2o Cuad. -->

Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
----------	-------	-------	------	------

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

x **Documentación Producida:** Informe de resultados de Estudantes anonimizado por titulación, curso, cuadrimestre, mes y materia; Informe de resultados de Profesores/as anonimizado por titulación, curso, cuadrimestre, mes y materia

x **Uso do Resultado:** Elaboración de informes para as reunións con grupos de interese e as Comisións de Titulacións cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

EQ-Comp: Adquisición de Competencias

Esta enquisa ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de egreso dos estudantes das titulacións do centro. Realízase con periodicidade bianual, alternando para as titulacións de Grao e as titulacións de Máster.

Recolle a opinión de diferentes colectivos (estudantes do último curso, egresados/as, profesores/as e empregadores) sobre a eficacia da docencia que se realiza nas titulacións do centro cara a obter as Competencias que se indican nas correspondentes Memorias das Titulacións.

x **Responsables:** Coordinador de Calidade (realización); Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster (explotación de resultados)

1er Cuad. -->

Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro
----------	---------	----------	----------	---------

Inicio do curso académico

Xullo

2o Cuad. -->

Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
----------	-------	-------	------	------

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

x **Documentación Producida:** Informe de resultados de Estudantes anonimizado; Informe de resultados de Profesores/as anonimizado; Informe de resultados de Egresados/as anonimizado; Informe de resultados de Empregadores/as anonimizado

- x **Uso do Resultado:** Elaboración de informe para as reunións con grupos de interese cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

EQ-CuIL: Cuestionario de Inserción Laboral

Esta enquisa pretende recoller información sobre a situación laboral actual dos/as egresados/as é a forma na que conseguiron o seu primeiro emprego (non só no momento actual senón sobre a evolución dende que terminou os seus estudos). Non ten predefinida unha periodicidade concreta, senón que se activa cando o decide a Comisión de Calidade do Centro.

- x **Responsables:** Coordinador de Calidade (realización); Coordinadores das Titulacións de Grao e Másteres (explotación de resultados)

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
Inicio do curso académico						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Informe de resultados de Egresados anonimizado
- x **Uso do Resultado:** Elaboración de informe para as reunións con grupos de interese cara a preparación da Memoria de Calidade Anual do Centro

3.3. Seguimento

O proceso de seguimento constitúe o núcleo fundamental do proceso de mellora continua dos SGC. Este proceso comenza coa análise dos indicadores dispoñibles e coa reflexión sobre os datos obtidos a través das enquisas. Estes datos son a base dun proceso de reflexión colectiva, implicando a todos os grupos de interese, a partir do cal deséñanse accións de mellora. O proceso pecha o ciclo analizando o impacto das accións de mellora nos indicadores de orixe.

Este proceso de seguimento resúmese na elaboración da Memoria de Centro que recolle: o seguimento da programación plurianual do plano estratéxico, o seguimento dos planes de mellora anteriores, o seguimento do SGC e o Plan de Melloras do Centro. O seu desenvolvemento debe realizarse de forma integrada cos procesos de seguimento de títulos.

CC-SAdM: Seguimento das Accións de Mellora

Dado que as accións de melloran recollen os obxectivos a desenvolver é necesario que teñan un seguimento continuo para revisar, e incentivar, o seu cumprimento.

- x **Responsables:** Responsable de Calidade
- x **Documentación Producida:** Informe, dos coordinadores de títulos e do responsable de calidade, para a Comisión de Calidade

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	Reunións da Comisión de Calidade					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

RN-CoEx: Reunión do Comité Externo

Os Comités Externos das titulacións están formados por diferentes perfís de profesionais relacionados con ámbito de desenvolvemento profesional da titulación. O seu obxectivo é establecer unha relación entre o tecido empresarial e a docencia que se desenvolve no centro.

- x **Responsables:** Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Listado de Participantes cara a acreditación da actividade do Comité Externo en procesos de auditoría das titulacións

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	Periodicidade (anual/cuadrimestral) a determinar pola Comisión do Título					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión do Título
- x **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro

RN-ACoP: Anual de Coordinación de Profesores/as

Esta actividade ten como obxectivo realizar unha reflexión sobre o desenvolvemento do curso pasado e xerar ideas que poidan converterse en Accións de Mellora na seguinte Memoria de Calidade Anual do Centro.

- x **Responsables:** Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Información anonimizada sobre o número de participantes cara a obtención de información estatística de participación para

procesos de auditoría das titulacións; Listado Voluntario de Participantes cara a acreditación da participación na actividade en programas de Avaliación da Actividade Docente

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Mes de setembro ou primeira quincena de outubro para os Graos; Mes de setembro ou primeira quincena de outubro aínda que poderase adiantar ao final do curso anterior (maio-xullo) no caso dos Másteres dun ano de duración						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión da Titulo
- x **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro

RN-AAvE: Anual de Avaliación con Estudantes

Esta actividade ten como obxectivo realizar unha reflexión sobre o desenvolvemento do curso pasado e xerar ideas que poidan converterse en Accións de Mellora na seguinte Memoria de Calidade Anual do Centro.

- x **Responsables:** Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Non se rexistra a participación

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
Mes de setembro ou primeira quincena de outubro nos Graos; Mes de setembro ou primeira semana de outubro aínda que poderase adiantar ao final do curso anterior (maio-xullo) nos Másteres						
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión da Titulo
- x **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro

RN-ReCo: Reunións de Coordinación

Esta actividade xeral recolle todas as iniciativas (distintas das reunións anuais de coordinación de profesores/as e de avaliación de estudantes) que teñen como obxectivo mellorar a coordinación vertical e horizontal nos diferentes cursos das titulacións e xerar ideas que poidan converterse en Accións de Mellora na seguinte Memoria de Calidade Anual do Centro. Algunhas reunións típicas son: Coordinación de Cursos nos Grados, Coordinación de Módulos nos Másteres, Reunións de Coordinadores con Estudantes

- x **Responsables:** Coordinadores das Titulacións de Grao e Máster; Coordinadores de Cursos nos Graos; Coordinadores de Módulos nos Másteres
- x **Formato de Realización:** Reunión de tipo presencial no centro
- x **Control da Participación:** Información anonimizada sobre o número de participantes cara a obtención de información estatística de participación para procesos de auditoría das titulacións; Listado Voluntario de Participantes cara a acreditación da participación na actividade en programas de Avaliación da Actividade Docente; No caso de reunións con temáticas moi concretas pode non ser necesario facer un control da participación

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	A proposta dos Coordinadores					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

Contido por Grupos de Interese	G4011 GrEI	G4021 GrEQ		P4012 MEnA	P4141 MEQB	P4181 MeBD
Estudantes 1er Curso						
Estudantes						
Estudantes Último Curso						
Profesores						
Egresados						
Empregadores						

- x **Documentación Producida:** Informe resume dos temas debatidos para a Comisión da Titulo
- x **Uso do Resultado:** Obtención de ideas cara a preparación das Accións de Mellora da Memoria de Calidade Anual do Centro; Mellora do desenvolvemento de procedementos do centro relacionados cos estudantes

4. Seguridade

O Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo (SSST) recolle os procesos e procedementos que definen o funcionamento do centro nos ámbitos da seguridade e saúde laboral. A actualización e a vixilancia permanente do cumprimento de ditos procesos e procedementos é un dos obxectivos fundamentais da Comisión de Seguridade e Saúde do centro. O SSST desenvólvese a través da execución do Manual de Procedementos do SSST.

4.1. Manual de Procedementos do SSST

Actualmente está prevista a revisión completa do Manual de Procedementos do SSST.

SG-SeIm: Seguimento da Implantación do SSST

O seguimento da correcta implantación do SSST ten dúas grandes fases. A comezo do curso é necesario garantir que todos/as os/as responsables dos diferentes procesos e procedementos teñen a información actualizada. Ao final do curso, os responsables dos diferentes procesos e procedementos deberán informar a Comisión de Seguridade sobre o seu desenvolvemento e/ou sobre a necesidade de modificar os procesos e/ou procedementos.

- x **Responsables:** Responsable de Seguridade
- x **Documentación Producida:** Informe, dos responsables de procesos e procedementos, para a Comisión de Seguridade

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

4.2. Enquisas a Grupos de Interese

Un dos principios xerais dos Sistemas de Calidade é a necesidade de tomar as decisións en base ao análise dos datos da organización. E para esa toma de datos, as enquisas colectivas son unha ferramenta moi importante.

Salvo que se especifique o contrario, estas enquisas realízanse vía correo electrónico mediante a ferramenta online de enquisas da ETSE (e-encuesta.com).



4.3. Seguimento

A planificación temporal das tarefas relacionadas coa seguridade e fundamental para garantir condicións de traballo seguras e saudables.

RN-Audi: Auditorías

Os procesos de revisión externa das auditorías son a garantía da correcta implantación dos Sistemas de Seguridade e Saúde no Traballo. Ao longo do curso desenvólvense dúas auditorías: una interna da USC e, con posterioridade, outra externa de AENOR en relación ao certificados OHSAS 18001:2007. Na reunión de Comisión de Seguridade na que se

preparan as auditorías participan os Recursos Preventivos dos laboratorios de docencia e investigación.

- x **Responsables:** Responsable de Seguridade, Recursos Preventivos
- x **Documentación Producida:** Informe, dos responsables de procesos e procedementos, para a Comisión de Seguridade

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

	PDI	PAS	Estudantes
Grupos de Interese			

EV-PrIS: Presentación de Informes Semestrais

Os informes semestrais recollen o estado das accións de mellora derivadas das Auditorías, do Plan de Medidas de Control e dos Controles das Condicións de Traballo.

- x **Responsables:** Responsable de Seguridade, Recursos Preventivos
- x **Documentación Producida:** Informes Semestrais para o Servizo de Prevención de Riscos

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

	PDI	PAS	Estudantes
Grupos de Interese			

EV-MInE: Mantemento das Infraestruturas do Edificio

A revisión e mantemento das infraestruturas básicas de seguridade do edificio (botiquíns, bocas de incendio, extintores e cadros eléctricos) é unha tarefa rutinaria fundamental para poder abordar as situacións de emerxencia.

- x **Responsables:** Persoal de Conserxería
- x **Documentación Producida:** Informe de Mantemento para Auditoría

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

	PDI	PAS	Estudantes
Grupos de Interese			

EV-FoXe: Formación Xeral

Ao comezo de cada curso proporcionarase información sobre seguridade para todas as titulacións que se imparten no centro. Esta información inclúe (de forma non exclusiva): rutas de evacuación, pulsadores de alarma, posición de extintores, instrucións básica de evacuación, zonas de acceso restrinxido, uso de saídas de emerxencia, responsables de seguridade, procedementos de comunicación de incidencias, etc.

- x **Responsables:** Coordinadores de Títulos, de Cursos e de Módulos en Graos e Másteres
- x **Documentación Producida:** Evidencia de cumprimento do requisito a depositar na Administración do Centro

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
						Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

	PDI	PAS	Estudantes
Grupos de Interese			

EV-FEED: Formación Específica para Espazos Experimentais Docentes

Ao comezo de cada laboratorio proporcionarase información sobre seguridade relativa a ese laboratorio. Esta información inclúe (de forma non exclusiva): protocolo de formación básica, normas de seguridade, avaliación de riscos, plan de orde e limpeza, necesidade de equipos de protección individual con marcado CE, fichas de seguridade REACH, localización de lavabos e limpa ollos, etc.

- x **Responsables:** Profesores/as e Técnico de Laboratorio
- x **Documentación Producida:** Patrón de comprobación de formación polos estudantes a gardar polo docente; Evidencia do cumprimento do requisito de formación a depositar na Administración do Centro

1er Cuad. -->	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	
	Primeira sesión de cada laboratorio					Xullo
2o Cuad. -->	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	

	PDI	PAS	Estudantes
Grupos de Interese			

5. Xestión da Información

A transparencia na información é un dos piares dos Sistemas de Xestión da Calidade. Ademais, o emprego de canles de difusión permite facer máis visible as actividades do centro e facilitar o acceso a información aos grupos de interese.

5.1. Comisións

O funcionamento dun centro está organizado en diferentes comisións nas que se realizan diferentes tarefas. A información mínima que debe estar pública na Web de calquera comisión da ETSE é a seguinte:

- x Membros da comisión
- x Regulamento de funcionamento interno
- x Actas (reducidas para garantir o cumprimento da Ley de Protección de Datos); O enlace de acceso a cada acta mostrará os puntos máis importantes tratados na correspondente reunión.
- x Enlace a información sobre o Proceso de Mellora

Os responsables de garantir a publicación desta información serán os coordinadores de grao e os coordinadores de másteres para as correspondentes comisións de títulos. Para o resto de comisións do centro, o/a responsable será o/a secretario/a da correspondente comisión.

5.2. Enquisas a Grupos de Interese

Debese ofrecer información pública sobre as diferentes enquisas que se desenvolvan no centro. A información a subministrar será a seguinte:

- x EQ-EsNI: Informe sobre o perfil dos estudantes de nova incorporación e a súa evolución histórica
- x EQ-CTAC: Informe sobre a carga de traballo por mes e a avaliación continua nos diferentes cuadrimestres do que consta o título
- x EQ-Comp: Informe comparado sobre as opinións dos diferentes colectivos sobre a adquisición de competencias por parte dos estudantes
- x EQ-CuIL: Informe sobre a información relativa a inserción laboral dos egresados

O/A responsable de garantir a publicación desta información será o responsable de calidade do centro.

5.3. Medios de Comunicación

O obxectivo principal da utilización dos medios de comunicación do centro é facer máis visible para toda a comunidade da ETSE, e para a sociedade en xeral, as actividades que se levan a cabo no marco do centro, especialmente as vinculadas á docencia e á investigación. Como obxectivos secundarios, facerse eco das informacións xerais da USC de interese para a comunidade da ETSE, fomentar a cultura universitaria e informar aos estudantes e egresados de posibles ofertas formativas e/ou laborais de interese xeral.

Os medios de comunicación oficiais, adicionais aos taboleiros, cos que conta actualmente a ETSE son os seguintes:

- x Pantalla no vestíbulo da entrada (Pan Ent)
- x Grupo de tres pantallas (Pan x3) situadas ao carón do ascensor no edificio de Enxeñaría Química, no acceso ao Edificio de Docencia e a carón da Cafetaría
- x Novidades Web (Nov Web)
- x Twitter ETSE (Twit)

Os criterios xerais, en función do tipo de información, para uso das infraestruturas de visualización de información serán os seguintes (os contidos asociados a cada tipo de información serán remitidos a etse.info@usc.es pola persoa/cargo indicado na táboa como fonte do tipo de información):

- x Actividades ETSE

Difusión Previa (Máximo por canal)				Tipo de Información (Fonte)	Información Posterior (Máximo por canal)			
Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit		Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit
	1 imaxe	1 entr.	1 entr.	Día da ETSE (Dirección Centro)		Sen Limite		
	1 imaxe	1 entr.	1 entr.	Acto de Graduación (Coordinador/a Título / Dirección Centro)		1 imaxe		
		1 entr.	1 entr.	Actividade na Aula Profesional (Xestora de Centro)		3 imaxe		
1 imaxe		1 entr.		Enquisa (Responsable Calidade)		1 imaxe	1 entr.	
				Profesor/a en Prensa (Profesor/a / Departamento / Dirección Centro)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
				Egresado/a en Prensa (Dirección Centro)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
				Obtención Premio (Interesado/a / Dirección Departamento)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
				Ingreso en Organización (Interesado/a / Dirección Departamento)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
2 fixa imaxe				Biblioteca (Director/a de Biblioteca)				
1 fixa imaxe	1 fixa imaxe			Plan de Sostenibilidade (Responsable do Plan)				
1 fixa imaxe				Asociación con Sede na ETSE (Presidente/a)				
				Visita A Ponte (Responsable do Programa)		1 imaxe		1 entr.

- x Docencia na ETSE

Difusión Previa (Máximo por canal)				Información (Fonte)	Información Posterior (Máximo por canal)			
Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit		Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit
				Resultado de Calidade (Responsable de Calidade)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
				Visita de Campo (Responsable Visita)		1 imaxe		
				Información Titulación (Coordinador/a Título)	1 fixa imaxe			

Difusión Previa (Máximo por canal)				Información (Fonte)	Información Posterior (Máximo por canal)			
Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit		Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit
		1 entr.	1 entr.	Curso de Verán (Organizador)		1 imaxe		
Sen Límite		Sen Límite	Sen Límite	Defensa TFG / TFM (Xestora)				
Sen Límite		Sen Límite	Sen Límite	Información Administrativa (Xestora)				

x Investigación na ETSE

Difusión Previa (Máximo por canal)				Información (Fonte)	Información Posterior (Máximo por canal)			
Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit		Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit
	1 entr.	1 entr.	1 entr.	Cursos (Organizador/a)		1 imaxe		
				Obtención Proxecto (Investigador Principal)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
		1 entr.	1 entr.	Congreso na ETSE (Comité Organizador)		Sen Límite		
				Participación en Congreso (Participante)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
				Publicación (Autor/a)		1 imaxe	1 entr.	1 entr.
		1 entr.	1 entr.	Participación de Poñente (Responsable Actividade)		1 imaxe		
		1 entr.	1 entr.	Tesis Doctoral (Doctorando/s / Director/a)		1 imaxe		

x Outras Informacións

Difusión Previa (Máximo por canal)				Información (Fonte)	Información Posterior (Máximo por canal)			
Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit		Pan Ent	Pan x3	Nov Web	Twit
	1 entr.		1 entr.	Actividade UCS (USC)				
				Campaña USC (USC)	1 imaxe		1 entr.	
	1 entr.		1 entr.	Actividade Externa a UCS (Dirección ETSE)				
				Campaña Externa a UCS (Dirección ETSE)	1 imaxe		1 entr.	
				Oferta Laboral (Fontes diversas)				1 entr.

Condicións da Información a Proporcionar

Na información a subministrar a etse.info@usc.es, pola persoa/cargo indicada/o na táboa como fonte do tipo de información, débese incluír as imaxes (no caso de pantallas) e os textos, títulos e parágrafos (tanto para pantallas como para o resto de medios), con indicacións xerais de maquetación. A maquetación definitiva da información será realizada

por etse.info, adaptando as peticións de formato as posibilidades de maquetación dispoñibles.

Toda información asociada a datas concretas deberá incluír a data de referencia da información a publicar (data futura do evento ou inicio do período no que se mantén a información nos medios de información). Sen esta información non se publicará a información.

Caducidade da Información

Como norma xeral, as informacións asociadas a datas concretas retiraranse das pantallas de información transcorridos 15 días dende a súa data de xeración (dato que debe aparecer nas imaxes mostradas), salvo que se indiquen circunstancias especiais que aconsellen a prorroga deste prazo. Cando na táboa se indica "fixa", a información non terá data de retirada.